



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Marzo 2022 • Nº 265



MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

EN MARZO VEDRA É MULLER. # concellos galegos, rexeneración en igualdade MANIFIESTO POLO 8 M “DÍA INTERNACIONAL DA MULLER” DA FEGAMP

■ A superación da crise sanitaria, económica e social que vén de socavar os alicerces do mundo, ten que pór o foco na figura da muller e pasar necesariamente polo seu reforzamento. O progreso é incompatible coa inxustiza e a mediocridade que presiden a discriminación por razóns de xénero. A valía e dignidade da muller son inquestionables e non poden continuar -baixo ningún pretexto- ameazadas, minguadas nin tan sequera non valoradas. Ademais de absolutamente irracional e inxusto, este comportamento lastra o desenvolvemento da humanidade en todos os eidos.

O proceso de rexeneración que estamos a emprender debe ser a fin desta histórica conta pendente para calquera sociedade que se considere civilizada. É o momento de forxar xeracións de igualdade real e intrínseca, cuxas xentes non poidan sequera imaxinar outro modelo e repudien instintivamente calquera forma de discriminación ou ataque ás persoas, incluída a que se exerce sobre as mulleres. Para iso todos os cambios, decisións e accións que se están a dar nestes tempos deben facerse dende a perspectiva de xénero: mesma con-

sideración, mesmo trato, mesmas oportunidades, mesmas obrigas...

Os concellos somos a administración da cidadanía, a que lle xera maior confianza. Temos un papel relevante na construción social en igualdade ao sermos quen ten máis capacidade para chegar aos corazóns e ás consciencias, cimentos estes máis determinantes no comportamento.

Neste contexto, as entidades locais galegas proclamamos a igualdade de todas as persoas independentemente do seu sexo, reiteramos o noso compromiso coa defensa dos dereitos das mulleres e co obxectivo de que ocupen o lugar que lles corresponde (o mesmo que os homes). Por iso, reunidas baixo esta declaración da Fegamp:

- Instamos a todos os organismos e entidades públicas e privadas, axentes sociais, sectores produtivos e á sociedade en xeral a subscribir esta declaración e aplicar os principios de igualdade de dereitos e responsabilidades entre mulleres e homes.

- Salientamos o inestimable e imprescindible valor da muller no desenvol-

vemento das persoas, da xeración de riqueza e do progreso da humanidade, e instamos á súa visibilidade.

- Denunciamos a inxustiza da desigualdade que persiste ata o de agora na sociedade que pon ás mulleres en situación de vulnerabilidade en múltiples eidos da vida, especialmente no laboral, no que sufriron un gran retroceso por mor da pandemia. Comprometémonos a empregarnos activamente e a fondo para a súa corrección.

- Manifestamos o noso compromiso por aplicar todas as medidas posibles no seo das nosas organizacións e nos nosos ámbitos de influencia.

- Reclamamos a dotación apropiada para tal fin segundo as competencias contempladas na Lei Reguladora de Bases do Réxime local.

- Sinalamos a obrigatoriedade de coordinar e sumar as máximas sinerxías posibles na busca da igualdade, aumentar esforzos e medios e dar prioridade a este obxectivo. Comprometémonos a aportar e impulsar este proceder dentro das nosas posibilidades.



Presentación do libro "O Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro".



Reunión en Ponferrada da Xunta Directiva da Asoc. de Municipios do Camiño de Inverno, da que Vedra forma parte.



Vedra conmemorou este día dedicado á nosa escritora máis universal... Rosalía de Castro!!!
...Participando da iniciativa "Caldo de Gloria" da Fundación Rosalía de Castro inspirada no poema "Miña casiña, meu lar" na que a poeta explica como facer un caldo humilde e no que se relata a épica diaria da supervivencia.
... Coa lectura dos poemas "Camelias para Rosalía".
Ambas accións desenvóléronse no CPI Plurilingüe de Vedra.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Presenza da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla - Concello de Vedra no partido Obradoiro Cab.



Foi un mes de febreiro cheo de actividade e competicións no Club Olímpico de Vedra.



ASÍ FOI NA CAMELIA!

■ Así foi unha nova edición da Maratón pola Montaña "A Camelia", organizada polo Club de Deportes de Montaña Vértice. Coa celebración de catro probas coa participación de máis de 400 deportistas.

A competición comezou o sábado coa celebración do I Ascenso ao Pico Sacro – Gran Premio Galitiming. A estrea desta proba contou con 32 corredores e corredoras para ascender ao Pico Sacro nunha crono escalada curta pero intensa: 385 metros de desnivel en 3,2 km.

Gañaron Rubén Insua, do CDM Vértice e Silvia Casal, do GMTA&Chuvoners.

O domingo celebrouse a sexta edición da proba raíña: o Maratón da Camelia. Case un cento de atletas se deron cita para percorrer os 42 km de monte, con 1.900 metros de desnivel positivo, entre Agronovo e Vedra, pasando pola Ponte Ulla, o Pico Sacro, a capela de Santa Isabel e o río Pereiro.

Foi unha carreira de moito nivel, con nove corredores completándoa en menos de 4 horas e con triunfo final para Samuel Saborido, do Tribu Trail, seguido de Luis Calvo e Carlos Lorenzo, do CDM Vértice. Na clasificación feminina o triunfo foi para Silvia Casal, de GTMA&Chuvoners, seguida de Verónica Calvo, do CDM Vértice, e Tamara García, do GTR Galaico Trail Run.

Por equipos, o vencedor foi Tribu Trail, co CD Brión Hyupersa en segunda posición e o equipo de Vedra, o CDM Vértice, como terceiro.

A xornada completouse coa andaina e o trail, as probas máis numerosas, sobre un percorrido circular de 14 km. O triunfo no trail foi para Brais Otero, do Tribu Trail, seguido de Rubén Insua, do CDM Vértice, e Ignacio Cabaleiro. A gañadora foi Lucía Peón, de Atletismo Arenteiro, con Elena Veres, da SD Compostela, en segunda posición, e Mary Pombo, do CDM Vértice, terceira.



Imaxe dun momento das probas.



Podio da maratón por equipos.



Podio da maratón na categoría feminina.



Podio da maratón na categoría masculina.



■ ...Así foi a XI RUTA BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA, coa colaboración e coorganización da Asociación Ribadoulla.

A proba esgotou as 350 prazas dispoñibles en apenas 2 semanas, mostra das gañas por realizar este percorrido que xa é un clásico destas datas no calendario de todo ciclista amateur da comarca e de algo máis alá.



Momento da saída da XI Ruta da Camelia.

O trazado disposto polos integrantes do club Ribadoulla propuña dúas alternativas: unha duns 32 quilómetros e outra de algo máis de 60 quilómetros.

A xornada tivo como protagonistas non convidados a chuvia e o vento, que non foron capaces de diminuír nin a participación nin o desenvolvemento da proba que destacou sobre todo pola implicación de máis de 50 persoas voluntarias coa Asociación Ribadoulla ao volante.



Un dos momentos da proba.



O ciclista Brandán Márquez no seu percorrido.




Foto de familia con parte do voluntariado nesta Ruta Btt.



Espectáculo familiar de Pablo Díaz a Dúo dentro do Programa Emerxe Ulla da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Mesa de experiencias Traballos Ornamentais con Arte Efémoro impartida polo presidente da Federación de Asociacións de Alfombristas Galegos de Arte Efémoro FAGAARTE.



■ ...Así foron as plantacións conmemorativas de camelias nos centros educativos.



CEIP Ortigueira.



CPI Plurilingüe de Vedra.



EIM Vedra.



Unitaria San Fins do CRA Boqueixón Vedra Neira Vilas.



Unitaria San Miguel do CRA Boqueixón Vedra Neira Vilas.



Unitaria San Xán do CRA Boqueixón Vedra Neira Vilas.



Acto de apertura das XXVI Jornadas Arredor da Camelia, con Ildefonso de la Campa, director do Xacobeo, encargado de inauguralas.



De esquerda a dereita: Valentín García, Ovidio Rodeiro, Ildefonso de la Campa, Manuel Fernández e Carlos Martínez.



Alfombra da Federación de Asociacións de Alfombristas Galegos nas XXVI Xornadas Arredor da Camelia.



Mostra de flor e de traballos ornamentais, na nave da Estación.




Espectáculo do Doutor Milagre nas XXVI Xornadas da Camelia.



A Gaita de Sarandón.



Os requinteiros da Gaita de Sarandón en plena actuación.



Así foi... na Camelia



Público na mostra de flor das xornadas da camelia.



Entrega de premios do 22º Concurso de Pintura Infantil da Camelia.



Exposición dos debuxos do 22º Concurso de Pintura Infantil no vagón coworking.



Unha das visitas teatralizadas ao Pazo de Ortigueira dentro da programación das Xornadas Arredor da Camelia.



Foto de grupo dos e das Xenerais da Ulla na Camelia.



Momento dun dos atranques dos e das Xenerais da Ulla.

VEDRA CONCELLO DIXITAL!

■ Vedra iniciou a fase preliminar do proxecto de transformación dixital das entidades locais da provincia da Coruña, un paso previo na senda ata acadar a plena implantación da “eAdministración” e mellorar así a atención ofrecida á veciñanza.



Neste proxecto piloto redefiniranse os procesos de traballo do Concello para adaptalos ás novas ferramentas dixitais. Deste xeito, Vedra súmase como entidade piloto ao Concello de Curtis que foi o primeiro en acoller esta experiencia da Deputación da Coruña e onde actualmente se está desenvolvendo con boa acollida e resultados.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

■ Seguimos coa formación aberta ao público en xeral en A Estación. A continuación indicamos a programación prevista para os meses de marzo e abril.

A ESTACION CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2022 (MARZO-ABRIL)

marzo						
L	M	M	X	V	S	D
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Curso	Nº horas	Horario
COMPETENCIAS BÁSICAS PARA O MUNDO LABORAL	20	16.30 a 20.30 horas
SISTEMAS DE CALIDADE PRÁCTICOS PARA NEGOCIOS	10	10.30 a 14 horas
ENTRÉNATE PARA EMPRENDER	20	16.30 a 20 horas

abril						
L	M	M	X	V	S	D
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Curso	Nº horas	Horario
TÉCNICAS DE VENDAS E RELACIÓNS PÚBLICAS	10	10.30 a 14 horas
INTELIXENCIA EMOCIONAL E SOCIAL	20	16.30 a 20.30 horas

Información detallada e inscricións nos tfños. 981 51 22 44, 600 425 016 ou en aestacion@concellovedra.com

Cursos abertos a todo o público. Terán prioridade as persoas ou empresas residentes en Vedra Nº de prazas por curso: 12



Destacamos tamén o Programa RESET dirixido ao tecido empresarial de Vedra.

A ESTACION CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2022 GRATUITO

PROGRAMA RESET

Formación aberta: de febreiro a novembro 2022

Eres unha empresa ou profesional por conta propia? Tes o teu domicilio ou unha sede de traballo en Vedra?

Se a resposta é si, poñemos á túa disposición unha formación aberta individualizada, que poderás recibir en calquera momento entre os meses de febreiro e novembro.

Non ten custe algún, e o seu obxectivo é axudarche a relanzar o teu negocio nas circunstancias de mercado actuais.

Partiremos das túas necesidades para axustar a formación e asistencia á realidade do teu negocio.



Nº de prazas máximo: Inicialmente 10, pero poderán abrirse máis prazas en función da demanda. Duración: 6 horas. Horario a convir con cada participante. Información e inscricións nos tfños. 981 51 22 44, 600 425 016 ou en aestacion@concellovedra.com



VEDRA CON WIFI4EU GRATUÍTA EN ESPAZOS PÚBLICOS

■ Xa podes conectarte a Internet de xeito gratuíto en varios puntos do Concello de Vedra. A través do programa WiFi4EU Vedra conta con 4 puntos de acceso á rede Wifi de alta velocidade, para poder usalos só terás que achegarte á zona, buscar a conexión Wifi “WiFi4EU”, facer o rexistro na páxina que che indique e xa poderás facer uso da rede de balde.



Os puntos de acceso son os seguintes:

- Casa do Concello
- Punto de Información Turística en Ponte Ulla.
- Centro de Emprendemento “A Estación”.
- Centro Sociocultural de Vedra.

En A Estación tamén está situada a Aula Mentor do Concello de Vedra: un espazo para a formación de persoas adultas en convenio co Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Trátase de cursos con grandes vantaxes: o custe é moi reducido, horarios flexibles, apoio continuo dun titor e do administrador da aula, que actuará de asesor persoal e de apoio técnico.

Para máis información: 981 512 244, 667 905 330, aulamentor@concellovedra.com.

A ESTACION AULA MENTOR

Velaquí algunhas das áreas que cubren os cursos da Aula Mentor <http://www.aulamentor.es/es/cursos-mentor>



A ESTACION CENTRO DE EMPRENDEMENTO

EN LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA “UNHA CAMELIA, UNHA TRAMPA” A COLABORACIÓN VECIÑAL É IMPRESCINDIBLE

■ A posta de trampas para a captura de raíñas na primavera é fundamental, xa que cada raíña “fundadora” capturada significará que hai un niño menos na contorna. As novas raíñas nadas o outono anterior, emerxen do período de hibernación agora e comezarán a construír o niño para a continuación realizar a primeira posta de ovos. A finais de maio primeiros días de xuño, nacen as primeiras avespas obreiras, ocupándose estas desde este momento de realizar todos os labores necesarios para o desenvolvemento da colonia. A partir deste momento, as raíñas permanecerán constantemente no interior do niño, ocupándose unicamente da tarefa de posta de ovos.

Consecuentemente, débese aproveitar o período no que as raíñas se mostren activas no exterior para proceder á súa captura, é dicir, durante os meses de febreiro, marzo e abril.

“COLABORA POÑENDO TRAMPAS”

Onde colocar as trampas?

- Cólganse a 1,5 metros de altura, en zonas asolladas e resgardadas do vento.
- En plantas de especial interese para a velutina, como as especies de orixe asiática (camelias, especialmente japónica), callistemon, a aralia (ou árbore de Angélica), níspero xaponés, froiteiros en flor (cerdeiras, ciroleiras, cítricos), ornamentais. En xeral plantas de floración temperá.
- Nas proximidades dos composteiros.
- Nun radio de 100-150 metros de niños do ano anterior.

IMPORTANCIA DO CONTROL DA AVESPA ASIÁTICA

A vespa velutina ou máis comunmente colectada como asiática comeza a ser un grand problema para a biodiversidade no noso país.

Matan polinizadores e outros animais para alimentar as súas larvas e ademais de ser unha alarma polas súas picaduras, a súa extensión causa estragos ambientais e económicos, especialmente na comunidade agrícola e apícola.

Este tríptico é un resumo da información máis importante que debemos coñecer acerca da Vespa Velutina.

COMO DIFERENCIAR OS NIÑOS

Os niños de Vespa Velutina son de forma redondeada e de maior tamaño có dunha vespa autóctona. Normalmente entre os 80 cm e 1 metro. Na gran maioría dos casos atópanse no alto das árbores e teñen a entrada por un pequeno furo no lateral do propio niño.



QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA


Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.

INFORMACIÓN SOBRE CONTROL DA VESPA VELUTINA

“AVESPA ASIÁTICA”

Concello de Vedra



TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.



ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1

1/2 litro de auga tépida + 200 gr. de azucre + 5 gr. de fermento de panadería

Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2

180 ml (1/2 lata) de cervexa negra + 180 ml de zume de arandos + 80 ml vermú de viño branco (a elixir) + 1 pinga de deterxente + 1 colherada de vinagre

Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

CICLO DA AVESPA ASIÁTICA

DIFERENCIAS ENTRE VESPA VELUTINA E VESPA CABRO.

A principal diferenza entre a vespa velutina e a cabro é a cor. Podémoslas confundir polo seu tamaño, pero a vespa autóctona ten o abdome de cor máis amarela, mentres a velutina é de cor máis escura tendo só unha parte do seu abdome de cor amarelo.

Vespa asiática  Vespa europea/cabro 



EN MARZO... VEDRA É MULLER!

■ O Día Internacional da Muller, o 8 marzo, é unha data que se celebra en todo o mundo. Un día no que as mulleres de todos os continentes, a miúdo separadas por fronteiras nacionais e diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais, económicas e políticas, se unen para gritar en prol da igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento.

Neste sentido, desde a Concellaría de Igualdade trabállase por lograr a igualdade e a emancipación das mulleres no concello, unha igualdade que sexa efectiva e real. Un traballo que se desenvolve ao longo de todo o ano.

Cada ano realízanse diversos actos de sensibilización ao redor do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, sobre a desigualdade que sofren as mulleres.

Algunhas das actividades que se realizarán no mes de marzo:

Na Ludoteca e Escola Infantil Mural colectivo pola igualdade : “COIDÁRONNOS, COIDAMOS, CÓIDANNOS”

■ Traballarase coa poboación infantil en 3 sesións para a realización dun mural colectivo sobre as mulleres que sosteñen a vida, sobre todo neste tempo de pandemia, todas aquelas mulleres que dende distintas posicións traballan para facilitarnos contornas máis igualitarias, inclusivas e sostibles. As nosas avoas, compañeiras, parellas, veciñas, fillas... mulleres de Vedra que todos os días amósannos o camiño para seguir avanzando en igualdade.

RECOÑECIMENTO VEDRA É MULLER

■ Todos os anos o Concello de Vedra a través do departamento de Igualdade outorga o recoñecemento a unha muller do Concello para facer visible e pór en valor a súa contribución pola igualdade no noso Concello. “Vedra é Muller” este ano recae na nosa veciña **IRIA DE ASLA**, polo seu papel fundamental para impulsar a participación social dende a igualdade e primeira presidenta da Asociación “**BERENGUELA POLA IGUALDADE**”.

Este acto de “Vedra é Muller” realizarase o día 8 de marzo ás 17.30 h no salón de Plenos da Casa Consistorial e ao finalizar farase a lectura do manifesto.

ASOCIADAS!


O VENRES 11 DE MARZO ÁS 20:30 H. NO CENTRO DE EMPRENDEMENTO

■ Un coloquio das mulleres vedresas para coñecer o seu labor no tecido asociativo local.

Consiste na organización dun coloquio no que participarán seis mulleres que desenvolven o seu labor dentro das xuntas directivas de asociacións vedresas con diferentes tipoloxías: deportivas, culturais, ANPAS, asociacións de veciños e comisións de festas. O obxectivo é dar visibilidade e coñecer o labor das mulleres no eido asociativo sendo elas as que falen das dificultades ás que se enfrontan, dos obxectivos que as motivan a continuar no mundo asociativo e dos beneficios que lles aporta pertencer a unha asociación.

Busca ser un lugar de encontro onde as participantes compartan a súa realidade e as súas experiencias a través dun diálogo aberto para coñecer de primeira man a función das mulleres na transformación do territorio e na dinamización social a través do asociacionismo; cuestión que moitas veces non se contempla no papel pero que é unha realidade na práctica.

Este coloquio será o venres 11 de marzo no Centro de Emprendemento A Estación situado en Santa Cruz de Ribadulla, ás 20:30 horas sendo a participación aberta a todas as persoas interesadas. Inscripción previa no Departamento de Cultura do Concello de Vedra en cultura@concellodevedra.com ou no teléfono 981 814 691.



SEGURIDADE VIOLETA!

■ Este é un proxecto que pretende achegarnos á realidade dos mozos e mozas e detectar relacións non igualitarias de cara previr violencias machistas. Dirixido á mocidade desenvolverase en colaboración co CPI de Vedra, xa que é unha actividade dirixida ao alumnado de secundaria de 2º e 3º da ESO para traballar a detección de machismos non visibles e a prevención da violencia de xénero a través de condutas con conciencia e perspectiva feminista. Levarase acabo a través de 3 sesións.

ACCIÓN CONXUNTA COS CONCELLOS DE TOURO E BOQUEIXÓN!

■ O Concello de Vedra xunto cos concellos veciños de Touro e Boqueixón vén desenvolvendo distintas actividades conxuntamente, nesta ocasión o **"I ENCONTRO DE MULLERES MAIORES NO CAMIÑO DA IGUALDADE"**

Organizamos este I encontro de mulleres, co fin de compartir experiencias, e propiciar novos proxectos. Con este fin establecerase un foro – debate arredor da análise das necesidades das mulleres no rural, liñas de traballo a nivel asociativo e facer visible o importante papel das mulleres nos concellos rurais coma o noso. Participarán mulleres maiores de Vedra, Touro e Boqueixón.

Este I Encontro realizarase o día 11 de marzo ás 11 da mañá no centro social de Touro, os seguintes anos desenvolverase no noso concello e no de Boqueixón.

O DÍA 8 PARAMOS!!!: SE AS MULLERES PARAMOS, PÁRASE O MUNDO!

■ Partindo da conciencia de que as mulleres sostemos a vida, os coidados, o traballo moitas veces invisible e non valorado, animamos ás mulleres do Concello de Vedra a que o día 8 fagades un parón de cinco minutos ás 11.00h como xesto reivindicativo para facer visible a importancia das tarefas das que nos ocupamos na vida cotiá.

TALLER "MULLERES + 2022"

■ Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

Cando nos achegamos ao mundo das TIC e a da inserción no mercado laboral nun concello rural como o noso, a perspectiva de xénero permite darnos conta

que a situación e posición das mulleres e dos homes non é a mesma. Unha correcta análise de xénero fainos detectar das evidentes brechas de xénero tanto para o acceso ao mercado laboral coma na xestión de actividades na vida cotiá en canto ao referente ao emprego das TIC.



O tipo de capacitación que propón Mulleres+ vai encamiñada a achegar ás mulleres ao universo das novas tecnoloxías e ao descubrimento das súas posibilidades, o que reduce o medo e a desconfianza que estes instrumentos aínda xeran. Para iso é necesario realizar un esforzo formativo que mostre o lado máis amable e máis útil das novas tecnoloxías, tratando de reducir a imaxe de elementos complexos e destinados a un público moi específico, e normalmente masculino, en favor dunha concepción práctica das mesmas que permita avanzar no apoderamento das mulleres.

LEMBRA OS RECURSOS TELEFÓNICOS A DISPOSICIÓN DA MULLER:

Teléfono 016 - 016 online
(Teléfono facilitado polo Ministerio de Igualdade a través da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero)

Teléfono da muller: 900 400 273
(Servizo gratuíto que funciona as 24 horas do día)

Teléfono 900 191 010
(Teléfono do Instituto da Muller)

... E por suposto o 981 814 693
(teléfono dos servizos sociais de Vedra)





COÑECEMENTOS BÁSICOS NO USO DAS TIC!

■ As participantes adquirirán coñecementos básicos e habilidades metodolóxicas no uso do computador e os seus compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet.

Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.

- Apoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, skype, whatsapp, etc.) e de participación nas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, Pinterest, etc.).
- Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blogs).
- E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais, etc.
- Mellorar a posición de mulleres no acceso ao mercado laboral e ao sector tecnolóxico e dixital, mediante unha capacitación en TIC.

- Ofrecer asesoramento e acompañamento personalizado ás participantes para que poidan expor e acadar obxectivos persoais (formativos, laborais...)

O taller desenvolverase en distintos horarios para facilita-la participación a través de **actividades en grupo e individuais de coaching**.

IMPORTANTE: AÍNDA PODES INSCRIBIRTE!!

Estas accións formativas están para iso, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas e que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas que lles permitan, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral. Para poder facer fronte á fenda dixital de xénero o departamento de igualdade organiza este taller formativo.

A folia de inscrición está dispoñible no concello e na páxina web municipal. Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.com, teléfonos 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 horas.



Concello de Vedra

Educación



ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA. PRÓXIMA APERTURA DO PRAZO PARA SOLICITAR O NOVO INGRESO OU A RENOVACIÓN DE PRAZA

■ Este ano o prazo ordinario para solicitar a inscrición para o novo ingreso ou renovación de praza na Escola infantil municipal é do **16 AO 31 DE MARZO**, ambos incluídos.

NON se poderán presentar solicitudes fóra do prazo ordinario establecido, salvo nos casos excepcionais previstos no Regulamento de réxime interno da Escola infantil municipal, coa debida xustificación.

Lugar de presentación das solicitudes:

- Sede Electrónica do Concello de Vedra mediante uso de certificado dixital, firma electrónica ou DNI electrónico.



Continúa na páxina 13

- **Presencialmente**, no Rexistro Xeral ou no Departamento de Servizos Sociais do Concello, **PREVIA CITA**, solicitada a través dalgún dos seguintes medios:
 - Enlace de cita previa na sede electrónica
 - Ou nos teléfonos: 981 81 46 93 ou 981 81 46 12 (opción 1 – Servizos Sociais).

Documentación necesaria:

- **RENOVACIÓN DE PRAZA:** Declaración de **IRPF de 2020** ou certificado negativo de rendas de ambos proxenitores. Pódese descargar dito certificado a través de enlace da páxina web da Axencia tributaria.
- **NOVO INGRESO:**
 - Copia do DNI de ambos proxenitores.
 - Copia do libro de familia ou certificado de nacemento do menor.

- Declaración de **IRPF de 2020** de ambos proxenitores ou certificado negativo de rendas.
- Copia da última nómina de ambos proxenitores ou pago do recibo de pago de autónomos, certificado de desemprego do SEPE, de pensión, etc.
- Certificado de empadramento colectivo (en caso de NON estar empadrado no Concello de Vedra).
- Outra documentación, no seu caso: Sentenza de divorcio, certificado de discapacidade, dependencia, e outras acreditativos de situacións susceptibles de baremación.

TODA A INFORMACIÓN E OS MODELOS DE SOLICITUDE NA WEB MUNICIPAL www.concellodevedra.gal

VEDRA MEDRA. FEBREIRO REMATOU CON “CAMELIAS PARA ROSALÍA” E O ENTROIDO

■ Para conmemorar o Día de Rosalía e sumarnos ás XXVI Xornadas arredor da camelia locais, o EDLG do CPI de Vedra deseñou un paquete de actividades que titulamos “Camelias para Rosalía” e para o que contamos co apoio do concello de Vedra.

A coincidencia das dúas festas na mesma semana levounos a programar actuacións ligadas en honra de Rosalía empregando como alicerce a flor por excelencia de Vedra, a camelia.

As actividades que se desenvolveron ao longo de toda a semana e, particularmente, o 23 de febreiro son as que deseguido se detallan.

ROLDA DE LECTURA ROSALIANA

O luns 21 gravamos a primeira lectura do poemario de Rosalía, Follas novas. Participaron os rapaces e rapazas de 4º e 3º da ESO.

ELABORACIÓN DUN PÓSTER COLABORATIVO

O martes 22 presentamos un póster colaborativo en cuxos pétalos inserimos poemas de Cantares Gallegos e de Follas novas. Foi obra do alumnado de 1º e 2º da ESO.

PLANTACIÓN SIMBÓLICA DE CAMELIAS

O mércores 23 realizouse a plantación de camelias nos arredores do centro. A intervención contou co alcalde, Carlos Martínez, quen acompañou á primeira hora á rapazada de 4º da ESO, curso elixido para representar a ESO.



Ao longo da mañá, irán sucedéndose as plantacións no resto dos niveis.

MATERIAIS AUDIOVISUAIS CREADOS EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Vídeos e gravacións de poemas foron as achegas de educación infantil e primaria. Viñeron acompañados de intervencións plásticas no centro educativo.

Unha boa parte destes materiais mostráronse na Festa da Camelia de Santa Cruz de Ribadulla a última fin de semana de febreiro.

O CPI de Vedra participou na Escola de xenerais, en colaboración co concello, preparando sete parellas de xenerais e correos que actuaron no centro o venres 25 e no atranque infantil da Festa da Camelia, dous días despois.

Teñen máis información detallada sobre o desenvolvemento e resultados destas actividades a través da web do centro educativo e do Facebook Vedra medra.



LUDOTECA MUNICIPAL

■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Conxuga, no que o desenvolvemento da igualdade e a conciliación é o punto de referencia, no mes de marzo centrarémonos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas ademais da realización de distintos talleres e obradoiros.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogando en valores: Contacontos.
- Xincana pola Igualdade e corresponsabilidade
- Obradoiro emocional
- Celebración do día da muller traballadora “todas e todos pola igualdade”.
- “Mr. Manitas”
- Miúdos/as artistas
- Compañeiros/as de xogo: Xogo en gran grupo.
- Superchef



XUNTA
DE GALICIA



Concello
de Vedra

Iniciativas Asociativas




XVII MOSTRA DE TEATRO AMADOR - TEATROFILIA 2022 COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

- **Venres 18 de marzo - 21:30 h.**
“Xacovedra” (TP) Andaravía Teatro (Vedra)
- **Sábado 19 de marzo - 20:30 h.**
“Anatomía dunha serea” (+12) Chévere/Berberecheira/Iria Pinheiro (Santiago de Compostela)
- **Venres 25 de marzo - 21:30 h.**
“Agro 5G” (+14) Mevadeus (Vigo)
- **Sábado 2 de abril - 20:30 h.**
“Confinad@s” (TP) A Terrequeté (Teo)
- **Venres 8 de abril - 21:30 h.**
“Terapia Alternativa” (TP) Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.
- **Sábado 9 de abril - 20:30 h.**
“Fatum” (TP) O Catre Teatro (As Pontes)
- **Domingo 10 de abril - 18:00 h.**
“Desastre selvático” (Infantil) Xs Papaventiñxs (Vedra)

As horas indicadas son as de comezo da función, as portas da sala abriranse 15 minutos antes.

O custe da entrada será de 3 €.





XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra

■ Xoves 31 de marzo ás 20:00 h.

Conferencia: "O solo como factor de calidade: fertilización racional e sostible do viñado"

- Intervén: **María José Graña Caneiro**
Tecnóloga - Especialista en Enoloxía
Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA)
Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia.

■ Venres 1 de abril ás 20:00 h.

Conferencia: "Innovación en viticultura: retos de futuro"

- Intervén: **Dra. Emilia Díaz Losada**
Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA). Leiro.

■ Sábado 2 de abril pola mañá:

Visita a adegas da Ribeira do Ulla; coñecemento do seu proxecto vitivinícola.

- Adegas Gómez e Rial (Teo)
- Adegas Casa do Sol (Vedra)

Acto de clausura e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Máis información e inscricións: 981 814 691 – 639 301 111. Prazas limitadas.

"Promoción e valorización dos sabores do territorio, Terras de Compostela 2022"

Medida Leader 2014-2020 Submedida 19.4 Promoción Territorial

XL EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

■ Sábado 9 de abril de 2022

IV CATA-CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS-ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA

Ás 12:00 horas no Pazo Vista Alegre (A Ponte Ulla) - Aberta ao público:

APERTURA DA MOSTRA FOTOGRÁFICA "A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA" (1ª Edición do concurso)

Ás 18:00 horas na Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón:

No campo da festa:

Pregón.

Entrega de premios da CATA-CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS-ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA.

Concerto da ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA.

Grupo de baile "OS CAMPIÑOS" e pandereteiras "DEDALEIRAS" da A.C. San Campio.

Ás 21:00 horas a REQUINTA DA LAXEIRA presenta o seu novo disco "E...MILLORE".

Haberá mostra dos viños da D.O. Rías Baixas-Ribeira do Ulla; racións+viños; "pulpeiro",...

Esta información é un adianto da posible programación arredor da Festa do Viño que se ampliará proximamente.

Organiza a Asociación de Festexos Populares San Miguel de Sarandón coa colaboración do Concello de Vedra

FESTIVAL DA ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA - CONCELLO DE VEDRA Domingo 20 de marzo ás 18:30 h.

■ A Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla - Concello de Vedra recupera o seu festival de música que tivo que suspender polas circunstancias sanitarias o pasado Nadal.

- Data: domingo 20 de marzo.
- Hora: ás 18:30 h.
- Lugar: Nave da Estación de Santa Cruz.





A SUSANA CARBIA

■ Unha vedresa en Bos Aires nomeada Presidenta do Consello de Residentes Españoles en Bos Aires.



Susana Carbia no centro da imaxe.

A MANUELA PEDREIRA FANDIÑO

■ Que se suma ao selecto club de persoas centenarias de Vedra.

Esta veciña de Paizás na parroquia de Trobe celebrou coa familia este aniversario tan especial.

Parabéns Manuela!!



PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo cultura@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.